



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



**4º PLAN de
POLÍTICAS DE XÉNERO do
CONCELLO de PONTEVEDRA
2019-2021**

Marzo 2019

1. INTRODUCCIÓN

2. PROCESO DE ELABORACIÓN

3. ESTRUCTURA DO 4º PLAN

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

4.1. Indicadores de avaliación

5. ANEXO

1. INTRODUCCIÓN

As políticas públicas de igualdade teñen como finalidade garantir que mulleres e homes poidan participar de forma igualitaria en todos os ámbitos da vida (económica, social, política, toma de decisións, etc). Constitúen unha serie de obxectivos, medidas e decisións adoptadas polas institucións públicas para fomentar a igualdade entre mulleres e homes coa finalidade de mellorar a situación e posición das mulleres na sociedade. Estas serven para corraxir e/ou compensar as situacións de desigualdade e discriminación existentes, e teñen como finalidade contrarrestar os efectos producidos pola socialización de xénero garantindo un modelo social baseado en parámetros de igualdade.

O Concello de Pontevedra ten unha longa e coñecida traxectoria no desenvolvemento e implantación de políticas de igualdade. Entre elas, cabe destacar a elaboración e posta en marcha de tres plans de igualdade e, a implantación de diversos recursos e servizos específicos dirixidos ás mulleres entre os que salientar o Centro de Información ás Mulleres como servizo de referencia que proporciona información e asesoramento dirixido á fomentar a igualdade real das mulleres. Polo tanto, como administración que debe velar polos dereitos de toda a cidadanía, asume a responsabilidade de impulsar políticas públicas que favorecen a igualdade real entre mulleres e homes. Neste sentido, este novo plan supón a continuación e profundización no desenvolvemento das políticas de igualdade de oportunidades que se veñen levando a cabo neste Concello.

O 4º Plan de Políticas de Xénero do Concello de Pontevedra 2019-2021, constitúese como o documento que determinará as políticas de igualdade a desenvolver nos vindeiros tres anos. Pretende dar continuidade ao traballo emprendido no anterior plan de igualdade poñendo en marcha accións que teñen como obxectivo impulsar e fomentar o desenvolvemento dunha cidade onde mulleres e homes gocen das mesmas oportunidades en todos os ámbitos da vida. Neste sentido, o plan está configurado coa finalidade de articular unha estratexia integral de intervención orientada a xerar os cambios estruturais necesarios para que mulleres e homes da localidade acaden maiores cotas de igualdade.

O plan estrutúrase en catro áreas de intervención, mantéñense as mesmas áreas de intervención que o anterior plan: **Participación e Acceso á Información e aos Recursos**; **Promoción de Igualdade entre Mulleres e Homes**; **Abordaxe Integral da Violencia de Xénero**, e introduce unha nova, **Saúde, Sexualidade e Xénero**, coa finalidade de avanzar na inclusión da diversidade sexual e de xénero, asumindo o reto de incorporar a realidade das persoas LGTB na axenda política de igualdade municipal. Cada unha das áreas de intervención establece obxectivos estratéxicos dos que se desprenden diversas accións a acadar. As accións deseñadas desenvolveranse tendo en conta criterios de oportunidade e idoneidade. Trátase dun ambicioso plan a través do cal se pretende crear sinerxías entre os departamentos municipais e os e ás principais axentes claves que operan a nivel municipal coa finalidade de acadar e proporcionar un instrumento de planificación estratéxica que articule o conxunto de accións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Pontevedra.

2. PROCESO DE ELABORACIÓN

O 4º Plan de Políticas de Xénero do Concello de Pontevedra fundaméntase na experiencia adquirida no desenvolvemento dos plans anteriores e nas avaliacións dos mesmos, especialmente na do 3º Plan, así como no importante proceso participativo e de colaboración a nivel interno e externo.

A elaboración do 4º Plan de Políticas de Xénero organizouse seguindo diversas fases secuenciais:

A **primeira fase** levouse a cabo tendo en conta o marco normativo e programático existente en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a nivel internacional, europeo, estatal, autonómico e local. Do mesmo modo, salienta a contribución de:

O *Informe de Avaliación do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Pontevedra*, que tivo como obxectivo fundamental coñecer o nivel de execución do plan, os efectos do desenvolvemento do mesmo, determinar as posibles disfuncións na súa implantación e realizar unha serie de conclusións e recomendacións que permitirán adecuar as futuras políticas de igualdade á realidade de Pontevedra.

E o *Diagnóstico Sociodemográfico das Mulleres e Homes de Pontevedra*, elaborado co obxectivo de coñecer a situación diferencial de mulleres e homes en distintos ámbitos: poboación, mercado laboral, benestar social e violencias machistas.

A **segunda fase** estivo baseada na análise cualitativa da información extraída das reunións desenvolvidas co persoal técnico do Centro de Información ás Mulleres de Pontevedra e co persoal político responsable da Área de Igualdade. Organizáronse entrevistas semiestruturadas a persoas vinculadas directamente coa execución e desenvolvemento das políticas de igualdade (Concelleira de Igualdade, Directora do CIM, Avogada do CIM, Axente de Igualdade, Técnica da empresa xestora do Plan Estratégico plurianual e Policía Local) co obxectivo de obter información sobre as políticas de igualdade desenvolvidas, as necesidades detectadas, as dificultades presentadas, os apoios prestados, e as propostas a incluír no plan.

Na **terceira fase** leváronse a cabo diversos foros organizados co obxectivo de xerar espazos de reflexión e debate que permitiran pensar nos novos retos en materia de igualdade e recoller as achegas e suxestións a incluír no novo plan. Nos foros participaron persoas pertencentes a diversos departamentos municipais, axentes sociais, movemento asociativo de mulleres, ONGs, etc. Desenvolvéronse os seguintes grupos de debate e reflexión:

- *Mesa Técnica de Violencia Xénero*: reunida o 19/12/2018. Participaron representantes de: Policía Local; Policía Autonómica; Policía Nacional; Punto de Encontro; Departamento de Servizos Sociais municipais; Colexio de Avogados; Unidade de Violencia da Subdelegación do Goberno; Directora e Avogada do CIM e Axente de Igualdade.


- *Persoal Técnico Municipal*: reunido o 16/01/2019. Participaron representantes dos departamentos de: Normalización Lingüística; Deportes; Intervención; Urbanismo; Gabinete de Alcaldía; Cultura e Festas; Oficina Técnica de Licencias e Inspección; Xuventude; Policía Local; Arquivo; e Benestar Social.
- *Consello da Muller Nova*: reunido o 17/01/2019. Participaron representantes de: IES Torrente Ballester; IES Frai Martín Sarmiento; IES Sánchez Cantón; IES Luís Seoane; IES A Xunqueira I; IES A Xunqueira II; e Inspección da Consellería de Educación.
- *Centros Educativos e ONGs*: reunidos o 24/01/2019. Participaron: CEIP A Xunqueira I; CEIP A Xunqueira II; IES A Xunqueira II; Fundación Secretariado Xitano; Fundación Meniños; Rede Axuda; Fundación Amigos de Galicia; Rede Rexurdir Provincial.
- *Consello Municipal da Muller*: reunido o 24/01/2019. Participaron: Concelleira de Igualdade; Directora do CIM; Axente de Igualdade; Colectivo Feminista de Pontevedra; CIG; Galiza Nova; Mulleres en Igualdade; Asociación Amas de Casa “Rias Baixas”; PEA Unesco; Ciudadanos; Departamento de Benestar Social e Sanidade.

Estas reunións de traballo facilitaron un proceso de recollida de información diagnóstica relativa ás políticas de igualdade a desenvolver, así como a identificación de novos retos a incorporar no 4º Plan de Políticas de Xénero do Concello de Pontevedra.

Na **cuarta fase**, como resultado do proceso de reflexión colectiva, deseñáronse as liñas de intervención e as medidas que rexerán as políticas de xénero na localidade nos próximos tres anos, obtendo como produto o borrador do 4º Plan.

Finalmente, a **quinta fase** consistiu na elaboración definitiva do 4º Plan de Políticas de Xénero do Concello de Pontevedra como documento que guiará a xestión municipal nesta materia nos próximos tres anos.

A continuación expoñemos o esquema do proceso de elaboración do 4º Plan de Políticas de Xénero do Concello de Pontevedra.



3. ESTRUTURA DO 4º PLAN

O 4º Plan de Políticas de Xénero do Concello de Pontevedra ten como **obxectivo xeral**: Dotar ao Concello de Pontevedra dun marco de actuación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes durante o período 2019-2021. A estrutura deste novo plan formúlase seguindo o deseño e metodoloxía de xestión do anterior plan, opción que ven determinada polo importante nivel de implantación e desenvolvemento acadado, e os bos resultados obtidos.

O 4º Plan está estruturado en catro áreas de intervención, e cada unha delas establece dous **obxectivos estratéxicos** que se operativizan a través de diversas **accións**. Para cada obxectivo estratéxico deseñouse unha acción prioritaria (a primeira, perfilada en cor amarela) que concibida como proposta a traballar durante todo o período de vixencia do Plan, concentrará os máximos esforzos.

O 4º Plan formúlase como un documento flexible que responde a unha metodoloxía baseada na IAP (Participación-Acción-Investigación). As accións e actividades iranse acometendo desde criterios de idoneidade, oportunidade e participación, incorporándose nun proceso de retroalimentación que permita sustentar as seguintes actuacións.

A continuación preséntase a estrutura do 4º Plan. Na primeira gráfica obsérvanse as catro áreas: **Participación e Acceso á Información a aos Recursos**, **Promoción da Igualdade entre Mulleres e Homes**, **Saúde, Sexualidade e Xénero**, e **Abordaxe Integral da Violencia de Xénero**. Seguidamente amósase unha gráfica por cada unha das áreas de traballo cos obxectivos estratéxicos e as medidas deseñadas.

A área de **Participación e Acceso á Información a aos Recursos** establece dous obxectivos estratéxicos e sete accións a desenvolver. Na área de **Promoción da Igualdade entre Mulleres e Homes** deséñanse dous obxectivos estratéxicos e sete accións que contribuirán a súa consecución. No tocante á área de **Saúde, Sexualidade e Xénero** establece tamén dous obxectivos estratéxicos e sete accións. Finalmente, para a **Abordaxe Integral da Violencia de Xénero** fíxanse dous obxectivos estratéxicos e seis accións que facilitarán a súa consecución.

4º PLAN de POLÍTICAS de XÉNERO do Concello de PONTEVEDRA 2019-2021

PARTICIPACIÓN E ACCESO Á INFORMACIÓN E AOS RECURSOS

Promover a participación das mulleres e fortalecer os valores igualitarios da cidadanía deste Concello.

Facilitar e achegar a información e os recursos á cidadanía en xeral e as mulleres en particular

PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante unha programación de accións non estereotipadas que favorezan unha participación mais igualitaria da poboación de Pontevedra.

Fomentar a perspectiva de xénero e a aplicación do principio de igualdade de oportunidades na actividade municipal.

SAÚDE, SEXUALIDADE E XÉNERO


Promover a saúde integral das mulleres, desde a perspectiva feminista, potenciando o seu autocoidado


Incorporar a perspectiva de diversidade sexual e de xénero nas accións desenvolvidas polo Concello de Pontevedra


ABORDAXE INTEGRAL DAS VIOLENCIAS MACHISTAS


Concienciar e implicar á cidadanía de Pontevedra na loita contra as violencias machistas

Garantir e consolidar unha atención integral e de calidade ás vítimas das violencias machistas









A **Área de Participación e Acceso á Información e aos Recursos** parte da premisa da participación como procedemento imprescindible para que as mulleres poidan converterse en protagonistas do seu propio cambio, para que expresen as súas demandas e as súas posibles solucións na consecución dunha cidade que mellore a súa calidade de vida. Polo tanto, resulta imprescindible contar coa participación e implicación de toda a cidadanía de Pontevedra na xestión municipal coa finalidade de elaborar políticas que teñan en consideración o proceso diferencial de xénero.

Con esta finalidade, nesta área traballarase arredor de dous obxectivos estratéxicos, o primeiro dirixido a **promover a participación das mulleres e fortalecer os valores igualitarios da cidadanía deste Concello**. Para acadar este obxectivo, establécese como medida prioritaria, a *articulación de estratexias que potencien a participación das mulleres nas actividades desenvolvidas pola Área de Igualdade, tanto as dirixidas ás mulleres dos barrios e parroquias, como as encamiñadas a fomentar a participación das mulleres da cidade, coa finalidade de potenciar que as mulleres da localidade poidanse converter en protagonistas do seu propio cambio.*

A través da *realización de accións que faciliten a continuidade, dinamización e intercambio de experiencias entre os Consellos da Muller Nova, como xeito de fomentar o contacto entre as e os estudantes que participan nestes Consellos, trátase de que o alumnado participante poida coñecer o traballo realizado en cada centro e intercambiar información, experiencias, etc, sobre as medidas e actividades que desenvolven.*

A través da *promoción e visibilización do valor social das producións realizadas polas mulleres aos diversos campos: historia, cultura, artes, ciencia, deporte, etc.,* preténdese visibilizar a contribución das mulleres ao desenvolvemento da sociedade na que vivimos, amosar os seus logros e a súa “mirada” sobre diversas disciplinas desde a perspectiva de xénero

Para o *desenvolvemento de estratexias comunitarias colaborativas que faciliten o intercambio de ideas, coñecementos, inquiredanzas, etc, e fortalezan a participación da cidadanía en xeral e das mulleres en particular nos ámbitos persoal, comunitario e social,* se parte da consideración da participación da cidadanía, especialmente das mulleres, como un dos alicerces básicos de calquera sistema democrático.

.

A través do segundo obxectivo estratéxico desta área, procúrase **facilitar e achegar a información e os recursos á cidadanía en xeral e as mulleres en particular**. Para elo, estrutúranse unha serie de accións. A través da *primeira, deseño de estratexias divulgativas, adaptadas ás peculiaridades do territorio, que permitan acercar e mellorar a información e os recursos ás mulleres de todas a idades* preténdese realizar unha divulgación que teña en conta a distribución da poboación pontevedresa en barrios, parroquias e centro urbano, así como a utilización de estratexias que teñan en consideración as diversas idades das mulleres.

A segunda acción, desenvolvemento de estratexias de difusión do Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes que facilite a comunicación entre o Departamento de Igualdade, outros departamentos municipais e axentes sociais e comunitarios implicados, ten como finalidade dar a coñecer este documento entre as diferentes áreas municipais, axentes sociais e comunitarios e a cidadanía.

O fomento de ferramentas de comunicación dixital como espazos centrais de visibilización, difusión, comunicación e retroalimentación da información, radica en saber identificar cales son as canles, medios e recursos máis favorables para a comunicación, coñecer as súas posibilidades de acción e os seus beneficios.

A **Promoción da igualdade entre mulleres e homes** é unha das áreas fundamentais de traballo deste plan, para elo, defínese como obxectivo estratéxico **fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante unha programación de accións non estereotipadas que favorezan unha participación máis igualitaria da poboación de Pontevedra**, e para acadar este obxectivo fíxanse unha serie de accións a desenvolver. Coa primeira, *realización de accións que permitan visibilizar novos referentes de liderado feminino que contribúan a fomentar o coñecemento e incidencia do feminismo na construción dos dereitos das mulleres*, trátase de amosar novos estilos de liderado que asuman o poder dun modo diferente ao tradicional e dentro dun marco que contemple a perspectiva de xénero no seu exercicio, visibilizando a contribución do feminismo ao desenvolvemento da democracia e definindo a igualdade entre mulleres e homes como principio universal dos dereitos humanos.

A segunda acción, continuar conmemorando as principais datas de reivindicación dos dereitos das mulleres a través de diversas tipoloxías de actividades, ten como misión dar a coñecer a toda a cidadanía as principais datas de loita a favor dos dereitos das mulleres a través de actividades informativas, formativas e de concienciación social.

O deseño e posta en marcha de estratexias de intervención dirixidas a promover un cambio de valores, que potencien a eliminación de roles e estereotipos de xénero atribuídos ás persoas en función do seu sexo, responde á necesidade de desartellar os estereotipos de xénero existentes e desenvolver valores que teñan en conta o principio de igualdade de oportunidades de mulleres e homes, a través de representacións de mulleres e homes máis plurais e xustas. Neste sentido, subliñar a existencia de diversa lexislación que obriga ás Administracións Públicas a adoptar medidas para abordar a eliminación dos estereotipos de xénero tanto na esfera pública como privada.

Para o desenvolvemento e posta en marcha de estratexias que promovan modelos de relación baseados no principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, terase en conta que a igualdade esixe considerar, valorar e favorecer de xeito equivalente as necesidades, intereses, comportamentos e aspiracións de mulleres e homes.

O segundo obxectivo estratéxico está dirixido a fomentar a perspectiva de xénero e a aplicación do principio de igualdade de oportunidades na actividade municipal, e para conseguilo propón diversas accións. A primeira, *realización de actuacións, proxectos ou programas, directamente ou en colaboración con outras entidades, que favorezan un mellor coñecemento das diversas problemáticas vividas polas mulleres, así como a intervención e atención ás mesmas*, ten como pretensión a posta en marcha de actuacións que permitan coñecer as problemáticas que afectan ás mulleres e ofrecer unha resposta adecuada as súas necesidades e expectativas.

A segunda acción, *cooperación con departamentos municipais e axentes sociais para que inclúan a perspectiva de xénero na programación, no deseño e planificación das actuacións, proxectos ou programas que leven a cabo*, pretende asegurar o enfoque de xénero nas políticas de igualdade desenvolvidas, así como en todos os procesos metodolóxicos relacionados cos proxectos de intervención desde a fase de deseño ata a de avaliación.

Por último, a acción *continuar desenvolvendo estratexias dirixidas a reflexionar, reflectir e visibilizar as diversas formas de ser muller e home tendo en conta parámetros de igualdade*, responde á necesidade de crear as condicións necesarias para incorporar o valor e a riqueza que supón a diversidade de modos de ser “home” e de ser “muller” que son a esencia fundamental para establecer unhas relacións baseadas na equidade.

A **Área de Saúde, Sexualidade e Xénero** ten como obxectivo estratéxico **promover a saúde integral das mulleres desde a perspectiva feminista potenciando o seu autocoidado**, partindo de que para incorporar a perspectiva feminista na saúde é imprescindible coñecer como a socialización diferencial de mulleres e homes incide directamente na forma de enfermarse, de vivir a saúde e de expresar o malestar, aspectos a ter en conta para mellorar o estado de saúde de ambos sexos, desde un concepto integral que inclúa o benestar físico, mental, emocional e social, tal e como recoñece a Organización Mundial da Saúde (OMS). Para acadar este obxectivo establécense dúas accións a desenvolver: *A promoción de estratexias que fomenten a revalorización persoal e favorezan a autoaceptación, identificando e activando factores de protección que propicien unha vida saudable; e deseño e posta en marcha de iniciativas que promovan a saúde integral das mulleres, desde a perspectiva feminista tendo en conta as diversas etapas do ciclo vital*. Ambas parten da incorporación da perspectiva de xénero á saúde, tendo en conta que as necesidades respecto da saúde varían ao longo do ciclo vital, ao igual que a utilización dos recursos sanitarios, condutas de risco, e as prácticas de autocoidado.

A través do segundo obxectivo estratéxico preténdese **incorporar a perspectiva de diversidade sexual e de xénero nas accións desenvolvidas polo Concello de Pontevedra**, e para acadalo establécense as seguintes accións: *Deseño e posta en marcha de estratexias dirixidas á atención da diversidade sexual e a loita contra a LGTBfobia*. En segundo lugar, a realización de formación dirixida a profesionais (policía, psicoloxía, sanidade, traballo social, educación social...) que lles permita ofrecer unha atención adecuada ás persoas que o demanden. Formúlase tamén a creación dun Centro de referencia, en canto á información sobre sexualidade e diversidade sexual, onde a cidadanía poida atopar respostas ás dúbidas sobre saúde ou diversidade sexual e tamén orientación e información e asesoría fronte ataques LGTBfóbicos. Ao respecto do fomento de ferramentas de prevención, detección e protección de situacións de acoso por razón de orientación sexual, identidade de xénero e diversidade sexual en colaboración con entidades e colectivos que traballan en defensa dos dereitos e liberdades das persoas e colectivos LGTB, especialmente das mulleres, implantarase para dar cometido a este obxectivo. A diversidade sexual e de xénero será acometida a través destas medidas que teñen como finalidade facer de Pontevedra unha cidade que garanta de xeito integral os dereitos das persoas pertencentes aos colectivos LGTB.

Finalmente, *elaboración e posta en marcha de estratexias que poñan en valor a diversidade, potenciando unha educación afectiva e sexual libre de estereotipos sexistas, adaptada ás idades e relacións das persoas participantes*, terá en especial consideración facilitar información afectiva-sexual conforme ás necesidades de cada idade, fomentando a corresponsabilidade de homes e mulleres desde a prevención, partindo de que a saúde sexual e reprodutiva é un compoñente fundamental da saúde integral de mulleres e homes ao longo da vida.

A área de **Abordaxe Integral da Violencia de Xénero** ten como primeiro obxectivo, **concienciar e implicar á cidadanía de Pontevedra na loita contra as violencias machistas**. A violencia de xénero é a máxima manifestación da desigualdade revelándose como un grave problema social que sofren as mulleres e que atenta directamente contra os dereitos humanos.

Para este obxectivo o Plan define dúas liñas de traballo, unha dirixida a concienciar á cidadanía na loita contra esta violencia, a outra, a intervir coas vítimas directas das violencias machistas.

No tocante á primeira liña de traballo, *posta en marcha de accións dirixidas a involucrar á cidadanía e diferentes axentes sociais na transformación social para acadar a igualdade e na loita contra as violencias machistas; e conmemoración do 25 de novembro –Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres-* a través de actuacións de denuncia, reivindicación, formación e información dirixidas a diferentes sectores da poboación, establécense actividades que teñen como pretensión concienciar e involucrar a toda a sociedade na loita contra as violencias machistas. Subliñar a existencia dunha acción específica dirixida ao traballo nesta área coa mocidade, *deseño e posta en marcha de estratexias dirixidas á poboación, fundamentalmente á máis nova, que amosen o rexeitamento das condutas sexistas e de control e fomenten valores non discriminatorios*.

A segunda liña de traballo está dirixida a **garantir e consolidar unha atención integral e de calidade ás vítimas de violencias machistas**, establecendo accións dirixidas ao: *Mantemento do CIM como espazo de referencia en materia de atención a vítimas de violencia de xénero proporcionándolle atención directa e garantindo información, asesoramento e derivación, así como o apoio psicolóxico, xurídico e social*, entendendo a necesidade de seguir a consolidar o CIM como o recurso central propio co que conta o territorio no traballo directo coas violencias machistas.

Esta liña de traballo tamén observa a necesidade de xerar o *impulso e reforzo do CIM como servizo central na coordinación de recursos tanto municipais de atención directa ás vítimas de violencias machistas, como con outras administracións e servizos*, no coñecemento de que no traballo diario con vítimas de violencias machistas é preciso harmonizar recursos como estratexia que permita proporcionar mellores niveis de atención.

Para incidir na mellora da atención e coordinación dos servizos e recursos de atención ás vítimas, cómpre coñecer os atrancos que se atopan e deseñar un itinerario que lles facilite o traxecto, desde esta perspectiva propónse, o *deseño e posta en marcha de estratexias que faciliten o traxecto que debe proseguir unha vítima de violencia machista, coa finalidade de mellorar os mecanismos que interveñen no circuío de servizos e recursos existentes no Concello de Pontevedra*.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación das políticas públicas constitúe un instrumento de transparencia que resulta clave en calquera organización que aspire a coñecer a eficacia, eficiencia e idoneidade das políticas implantadas. A avaliación do 4º Plan de Políticas de Xénero concíbese como un proceso sistemático que ten como obxectivos: coñecer o grao de cumprimento das medidas establecidas; determinar o grao de consecución dos obxectivos; detectar os avances e atrancos existentes na súa execución e descubrir os efectos do seu desenvolvemento.

Para garantir a execución do 4º Plan de Políticas de Xénero do Concello de Pontevedra, é imprescindible deseñar un sistema de *seguimento contínuo*, entendido como un proceso dinámico que permita analizar os resultados que se van acadando nas diversas liñas de intervención durante o período de vixencia do Plan. Este sistema adaptarase ás necesidades que poidan xurdir durante o proceso de implantación, coa finalidade de acadar unha mellora contínua e maior eficacia nas actuacións previstas, empregando os indicadores descritos para cada obxectivo. Para facilitar o seguimento, deséñase unha ficha con información que contén datos esenciais para cada unha das accións executadas, que será cumprimentada en función dos indicadores establecidos e que se inclúe no anexo final.

Unha vez rematada a vixencia do Plan, levará a cabo unha *avaliación final externa* que contemplará unha análise crítica das accións desenvolvidas, e aportará información sobre a súa execución, funcionamento, efectos e resultados obtidos. Na avaliación, empregaranse técnicas *cuantitativas* e *cualitativas* a través das que se medirá: o grao de execución, o grao de transversalidade, o proceso de execución, a xestión municipal e a incidencia. Polo tanto, a avaliación deberá recoller información sobre os resultados e o proceso, avaliando o inicio, o desenvolvemento e a finalización de cada actuación, considerando a perspectiva cuantitativa e cualitativa.

Coa información obtida durante todo o proceso, elaborárase un *informe final* con información sobre a execución realizada, unha análise e valoración crítica sobre os resultados obtidos, as boas prácticas detectadas e as recomendacións a ter en conta na elaboración e execución de futuras políticas de igualdade.

4.1. Indicadores de avaliación

PARTICIPACIÓN E ACCESO Á INFORMACIÓN E AOS RECURSOS	
Obxectivo 1: Promover a participación das mulleres e fortalecer os valores igualitarios da cidadanía deste Concello	
INDICADORES	
Nº de accións deseñadas	
Nº de accións realizadas	
Tipoloxía das accións realizadas	
Nº de departamentos/axentes sociais e comunitarios que colaboran	
Tipo de departamentos/axentes sociais e comunitarios que colaboran	
Nº de persoas participantes en cada acción desagregadas por sexo, tramos de idade e ubicación	
Valoración das persoas participantes desagregada por sexo, tramo de idade e ubicación	
Obxectivo 2: Facilitar e achegar a información e os recursos á cidadanía en xeral e as mulleres en particular	
INDICADORES	
Nº de accións deseñadas	
Nº de accións realizadas	
Tipoloxía das accións realizadas	
Nº de persoas participantes en cada acción desagregadas por sexo e tramos de idade e ubicación	
Nº de departamentos/axentes sociais e comunitarios que colaboran	
Tipo de departamentos/axentes sociais e comunitarios que colaboran	
Nº de canles de comunicación	
Tipo de canles de comunicación	
Tempo de permanencia na web	
Nº de visitas web realizadas	
Nº de likes en Facebook, Instagram, Blog...	
Valoración das persoas participantes desagregada por sexo, tramo de idade e ubicación	

PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

Obxectivo 1: Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante unha programación de accións non estereotipadas que favorezan unha participación mais igualitaria da poboación de Pontevedra.

INDICADORES

Nº de accións deseñadas

Nº de accións realizadas

Tipoloxía de accións realizadas

Nº de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Tipo de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Nº de persoas participantes desagregada por sexo, tramo de idade e ubicación

Valoración das persoas participantes desagregada por sexo, tramo idade e ubicación

Obxectivo 2: Fomentar a perspectiva de xénero e a aplicación do principio de igualdade de oportunidades na actividade municipal.

INDICADORES

Nº de accións deseñadas

Nº de accións realizadas

Tipoloxía de accións realizadas

Nº de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Tipo de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Nº de persoas participantes desagregada por sexo, tramo de idade e ubicación

Valoración das persoas participantes desagregada por sexo, tramo idade e ubicación

SAÚDE, SEXUALIDADE E XÉNERO

Obxectivo 1: Promover a saúde integral das mulleres, desde a perspectiva feminista, potenciando o seu autocoidado

INDICADORES

Nº de accións deseñadas

Nº de accións realizadas

Tipoloxía de accións realizadas

Nº de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Tipo de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Nº de persoas participantes desagregadas por sexo, tramo de idade e ubicación

Valoración das persoas participantes desagregada por sexo, tramo de idade e ubicación

Obxectivo 2: Incorporar a perspectiva de diversidade sexual e de xénero nas accións desenvolvidas polo Concello de Pontevedra

INDICADORES

Nº de accións deseñadas

Nº de accións realizadas

Tipoloxía de accións realizadas

Nº de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Tipo de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Nº de consultas realizadas

Tipo de consultas realizadas

Nº de persoas participantes desagregadas por sexo, tramo de idade e ubicación

Valoración das persoas participantes desagregada por sexo, tramo de idade e ubicación

ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo 1: Concienciar e implicar á cidadanía de Pontevedra na loita contra as violencias machistas

INDICADORES

Nº de accións deseñadas

Nº de accións realizadas

Tipoloxía de accións realizadas

Nº de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Tipo de entidades/departamentos e axentes que colaboran

Nº de persoas participantes desagregadas por sexo, tramos de idade e ubicación

Valoración das persoas participantes desagregada por sexo, tramos de idade e ubicación

Obxectivo 2: Garantir e consolidar unha atención integral e de calidade ás vítimas da violencias machistas.

INDICADORES

Nº de accións deseñadas

Nº de accións realizadas

Tipoloxía de accións realizadas

Nº de departamentos, servizos e recursos que colaboran

Tipo de departamentos, entidades e axentes que colaboran

Nº de consultas realizadas

Tipo de consultas realizadas

Nº de persoas participantes desagregadas por sexo, tramos de idade e ubicación

Valoración das persoas participantes desagregada por sexo, tramo de idade e ubicación

5. ANEXO

FICHA DE SEGUIMENTO

AREAS ESTRATÉXICAS

- Participación e Acceso á Información e aos Recursos
- Promoción da Igualdade entre Mulleres e Homes
- Saúde, Sexualidade e Xénero
- Abordaxe Integral das Violencias Machistas

OBXECTIVO ESTRATÉXICO:

ACCIÓN:

ACTIVIDADES:

PERSOAS DESTINATARIAS:

PERSOAS PARTICIPANTES:

Nº Mulleres:

Nº Homes:

DEPARTAMENTOS/AXENTES/ ENTIDADES IMPLICADAS:

UBICACIÓN:

Centro urbano Parroquia

Nº horas

INDICADORES:

LOGROS/RESULTADOS:

ORZAMENTO INVESTIDO:

PERÍODO DE EXECUCIÓN

2019

2020

2021

OBSERVACIÓNS: